



Guía de acogida en cirugía ambulatoria

Vithas Vigo

vithas.es

1. Pasos previos

1.1. ¿Qué é a cirurxía sen ingreso?

A cirurxiá sen ingreso, ou Cirurxía Maior Ambulatoria (CMA), é un tipo de intervención cirúrxica na que o mesmo día no que chega ao centro é operado e dado de alta. Pode incluír analxesia local, rexional ou xeral. A cirurxía sen ingreso ofrécelle un tipo de tratamento coa mesma eficacia e seguridades que no caso de que se realizase con ingreso.

A realización de intervencións cirúrxicas e determinadas probas diagnósticas requirirán do seu consentimento explícito. O médico informarlle dos riscos e beneficios que implica a intervención ou proba á que se debe de someter, e lle pedirá que asine o consentimento por escrito, agás se se trata dunha urxencia vital.

En caso de dúbida, non deixe de preguntar todo o que desexe saber sobre a súa enfermidade e tratamento.

1.2. Visita preanalxésica

En caso de que teña programada unha intervención deste tipo, uns días antes virá ao hospital para unha visita co anestesista para preparar a operación. Tamén é posible que este contacto sexa unicamente telefónico, especialmente se dispoñemos dos seus datos clínicos moi recentes.

Se debe vir, a visita preanalxésica será primeiro andar onde realizará a analítica e o electrocardiograma. Ademais, faránlle unha valoración de enfermaría onde rexistrarán as súas constantes e lle farán varias preguntas sobre o seu estado de saúde. Posteriormente, o anestesista se porá en contacto con vostede vía telefónica.

Durante a visita preanalxésica se lle explicará o xaxún preoperatorio.

1.3. Citación antes do ingreso

Logo da visita preanalxésica, chamarémoslle para confirmar o día da súa intervención.

Para a cita da cirurxía sen ingreso poranse en contacto con vostede persoal do hospital. Chamaralle **con antelación** indicando o día da intervención e a hora, lembrándolle a preparación previa que precisa, e a documentación que ten que traer o día do ingreso descrita no apartado 1.5 desta guía.

Adicionalmente, no caso dos pacientes privados ou se a aseguradora non cobre o importe da intervención, deberámos facer un depósito a conta en efectivo (sempre que o importe sexa menor a 1.000 euros), con tarxeta ou transferencia bancaria.

1.4. Chegada ao hospital

Cando chegue ao hospital, dirixase a Admisión, na entrada principal.



Hospital Vithas Vigo. Vía Norte, 48



Horario de admisión de CMA: de lúns a venres de 07:40 a 20:00. Indicarémoslle a hora do seu ingreso cando nos poñamos en contacto con vostede para informarlle do día da súa operación.



Parking: Os aparcamentos públicos máis próximos ao Hospital son os do Centro Comercial Vialia, o aparcamento da Rúa Pino, o da Praza de Fernando El Católico e o de Jenaro de la Fuente.

1.5. Documentación a aportar

A documentación necesaria que terá que traer o día do ingreso é:

- DNI/NIE/Pasaporte.
- Documentos de acreditación (libro familia, titor, incapacidade, ...)
- Autorización da compañía de seguros (se corresponde).
- No caso de paciente do Sistema Nacional de Saúde, deberá facilitar o código de identificación autonómico.
- Estudos previos (para intervencións cirúrxicas):
 - Estudo preanalxésico.
 - Outros documentos que lle solicitará o noso persoal médico.
- Informes sobre alerxias e/o intolerancias.
- Lista de medicación habitual e/o tratamento.
- Consentimento informado (lembre la importancia de facilitar el consentimiento informado cumplimentado).

1.6. Roupa e obxectos de uso persoal

No hospital ofrecerémoslle bata cirúrxica, calzas e gorro dun so uso.

Unha vez no hospital terá unha área específica dentro da zona cirúrxica onde se poderá cambiar e deixar a súa roupa

A nosas suxestións:

- Traia roupa cómoda e o mínimo de obxectos persoais.
- Non traia xoias nin obxectos de valor, xa que o hospital **non se fai responsable de perdas ou danos** nestes artigos.
- Ter especial coidado coas gafas, próteses auditivas ou dentais.
- Non traia maquillaxe nin unllas postizas nin pintadas, xoias, fagas, audífonos, ou próteses, etc.
- Se o médico aconselloulle material ortopédico para despois da cirurxía, lembre traelo o día do seu ingreso.
- Non traia o teléfono móbil, xa que non o poderá acceder con el na zona cirúrxica.

1.7. Contacto e acompañantes

É imprescindible facilitar algún teléfono de contacto dun familiar/acompañante.

Durante a estada, seu acompañante poderá esperar na sala de espera, ou saír, e, o noso persoal chamaralle ao teléfono facilitado para lle informar.

1.8. Dereitos e deberes

En Vithas velamos por garantir os dereitos e deberes como paciente, poderá saber cales son no mostrador principal de Admisión.



Contamos cun Comité de Ética Asistencial. Se por motivos relixiosos, valores persoais ou por algunha necesidade especial ten algunha necesidade compártaa con nós.

1.9. O día antes da intervención

O día antes é importante que indique calquera situación/incidencia (febre, mal estar, síntomas de constipado...).

Sega as instrucións de preparación do ingreso e xaxún.

Si la incidencia impide realizar la intervención avísanos previamente, le daremos una solución.

O noso persoal chamaralle **24 horas** antes da intervención lembrándolle os puntos máis relevantes e para validar o teléfono de contacto do seu acompañante.

¿TEN ALGUNHA DÚBIDA?

Si precisa calquera aclaración antes do ingreso, pode contactar con:

☎ 696 99 20 92 de luns a venres de 08:00 a 15:00. Fora dese horario, fins de semana e festivos pode contactar co 986 82 11 01

✉ infovigo@vithas.es

Tamén pode consultar o noso apartado de Preguntas Frecuentes na web: <https://vithas.es/preguntas-frecuentes/>

2. Recepción e acollida

2.1. Chegada

Ao chegar, en función da intervención, o noso persoal acompañaralle a:

- Unidade de Cirurxía Maior Ambulatoria -CMA- (sala de espera, no segundo andar).
- Sala de CMA zona Endoscopias (primeiro andar).
- Sala de espera no 5º andar.

2.2. Servizos dispoñibles a súa chegada

- **WIFI:** Pode solicitar a clave da wifi no mostrador de información situado no andar principal.
- **Vending:** Existen máquinas de vending nas salas de garda de hospitalización e na sala de espera da segunda planta.
- **Cafetería:** A nosa cafetería, no andar principal, xunto á entrada principal do Hospital, está aberta de 8.00 h. a 22.00 h de Luns a Sábado.

2.3. Presentación e identificación

No momento do ingreso no noso hospital, colocaráselle no pulso unha **pulseira identificativa** con seu nome, apelidos e data de nacemento, que debe levar durante a súa estadía hospitalaria para garantir que todos os profesionais o identifiquen correctamente e lle proporcionen unha atención axeitada.



O persoal sanitario verificará verbalmente a súa identidade durante a estadia, antes de realizar calquera procedemento diagnóstico e/ou terapéutico.

¿Cándo debe pedir una nova pulseira?

- Se a que leva, está rota.
- Se detecta algún erro nos seus datos.
- Se os datos recollidos non se poden ler.
- Se non leva pulseira.

Por favor, non quite a pulseira ata o alta hospitalaria. A pulseira, retiraráselle ao ser dado de alta polo persoal sanitario.

Os profesionais identificaranse de forma verbal cando chegue á zona cirúrxica.

2.4. Acompañamento

Para a entrada á zona cirúrxica espere a ser chamado e o persoal do hospital acompañaralle á zona habilitada para que se poña a roupa cirúrxica que lle proporcionaremos. Indicaránlle o sitio para gardar as súas pertenzas. No caso de precisar axuda, proporcionaremoslla.

Teremos en conta a autonomía do paciente, como no caso de menores, para o seu acompañamento ata á zona precirúrxica por un acompañante ou familiar. Sempre baixo as indicacións do persoal da zona cirúrxica.

Intimidade: As salas están preparadas de maneira que garantan a súa intimidade.

Alerxias: Se é alérxico a algunha medicación ou algún produto, require dunha dieta especial ou atópase en calquera situación que considere excepcional, informe ao persoal de enfermaría. É importante que coñezamos calquera alerxia ou intolerancia que sufrira.

3. Atención no quirófano

3.1. Velamos pola túa seguridade en todo momento

Seguridade do paciente - Listado de verificación cirúrxica: Noso persoal realizará unha serie de preguntas relacionadas con la cirurxía que recollerá a información necesaria para a súa atención, pola súa seguridade.

Hixiene de mans: As mans son o principal mecanismo de transmisión de infeccións. O lavado de mans é a medida hixiénica máis efectiva para previr infeccións hospitalarias. É fundamental lavalas mans con frecuencia e lembrar ás visitas que fagan o mesmo. Dispón de dispensadores de solución hidroalcoólica para poder realizala hixiene con frecuencia.

Caídas: As caídas son un problema frecuente e pode ter graves consecuencias; por iso a enfermería realizará unha avaliación inicial do risco personalizado.

Antes de se poñer en pe, suxerímoslle que sente uns minutos na cama e non deixe de pedir axuda se non se sente seguro ou se así llo indicaran.

Medicación: É importante que nos informe sobre a medicación que tome na casa para que o médico a poda considerar no seu tratamento. Por favor, non tome ningún medicamento durante a estancia que non fora indicado polo médico para previr posibles interaccións con medicamentos que se lles prescriban durante o ingreso.



3.2. Valoración inicial e preparación

Valoración inicial: Ao ingresar, o persoal de enfermaría realizaralle unha avaliación inicial que servirá para establecer o plan de cuidados durante a súa estada.

Preparación para a intervención: A auxiliar de quirófano xunto con enfermaría prepararánlle para a intervención, tomaránlle as constantes, colocaránlle un acceso venoso e administraránlle a premedicación precisa.

Se é necesario, o rasurado realizaráse o día da intervención polo noso persoal.

Pediránlle a confirmación en diferentes fases do proceso cirúrxico sobre o lugar da operación, o procedemento cirúrxico e a súa identidade. Por favor, colabore co noso persoal de planta e do bloque cirúrxico respondendo ás súas preguntas, aínda que resulten repetitivas. É pola súa seguridade.

3.3. Fin da intervención e información

Trala intervención, trasladaráselle á área de recuperación para a atención post-operatoria e alí permanecerá unhas horas. Cando o persoal asistencial o considere, chamarase ao acompañante para comunicarlle o final da súa intervención.

Información ao acompañante: O cirurxián, ao finalizar a intervención informará ao seu acompañante de como foi a intervención.

Información ao paciente: O médico visitarálle trala intervención e manterálle informado sobre as probas ou intervencións que é preciso realizarlle, sobre a medicación que debe de tomar, e sobre a evolución do seu estado de saúde. Indicarálle a cita na súa consulta para o posterior seguimento, si é preciso.

Documentación: Entregaránlle en man o “Informe clínico de alta”, “Folla de próteses e implantes”, se procede, e as normas/recomendacións que debe seguir.

4. Alta

4.1. Alta e recomendacións

O persoal sanitario indicarlle as recomendacións de coidado e rehabilitación se procede, e facilitaralle a prescrición da medicación para las seguintes 24 horas.

En caso de necesidade de atención urxente:

- **Durante as primeiras 24 horas:**
Chame ao 696 99 20 92 de 8.00 a 15.00 de luns a venres.
Fora dese horario, as fins de semana e festivos, por favor, chame a 986 82 11 01 e indíquenos cando e o motivo da súa operación.
- **Tralas primeiras 24 horas:** Acudirá a Urxencias en caso de malestar ou síntoma diferente aos comentados polo seu médico.

Dor: Para evitar que sufra dor trala cirurxía, os profesionais sanitarios preguntaranlle se sofre algunha dor e, no caso de sufrilo, daránlle as pautas máis axeitadas para o seu domicilio e a súa correspondente receita médica.



Se sofre dor non espere a que lle pregunten, comuníqueo aos profesionais para que podan axudarlle segundo o indicado no momento da alta. Se sente dor, indique a frecuencia coa que o sinte e cuanto tempo dura.

4.2. Preparación para a saída

O noso persoal acompañaralle dende a área de recuperación ao sitio onde ten a súa roupa e á saída da área de CMA.

Para volver a casa, siga as recomendacións do médico para viaxar e conducir ou, se é necesario, que alguén se responsabilice do seu regreso.

Na casa, precisará dun acompañante as primeiras 24 horas, e un teléfono dispoñible. Ao día seguinte da intervención, chamarémoslle dende o hospital para comprobar o seu estado de saúde.

4.3. Trámites ao alta

Trala alta médica, poderá irse a súa casa.

No caso de solicitara alta voluntaria en contra do criterio médico, deberá asinar o alta voluntaria que lle entregarán na área de CMA. Dende o momento da sinatura deste documento, o Hospital deixa de ser responsable do coidado e tratamento.

4.4. Xustificante

Xustificante hospitalario: Poderá solicitalo na admisión de ingresos en horario de 8:00 a 22:00h.

4.5. Documentación

Se precisa a documentación da súa historia clínica, pode poñerse en contacto con:

Infovigo@vithas.es

5. Seguimento post-cirurxía

Siga as pautas de control da dor e coidados, e no caso de precisar atención urxente, acuda á porta de Urxencias.

5.1. Chamada ás 24 horas trala intervención

Daremos unha continuidade asistencial ao proceso de cirurxía sen ingreso e recibirá unha chamada do noso persoal de enfermaría seguindo un listado de verificación.

5.2. Chamada urxente

No caso dunha Urxencia nas 24 horas posteriores pode poñerse en contacto connosco en:

696 99 20 92 de luns a venres de 08:00 a 15:00. Fora dese horario, fins de semana e festivos pode contactar connosco no 986 82 11 01.

En caso de precisar atención indicaráselle que acoda a Urxencias.



Vivir para cuidarte

Agradecemoslle que nos aporte información sobre o proceso, o noso obxectivo é coidar aos nosos pacientes e mellorar día a día, polo que pedimoslle que complete a enquisa de satisfacción, no caso de recibila, tralo seu proceso de cirurxía sen ingreso.

